

As noites de Alexandra fanse a golpe de pálpebra,
alí onde a lucidez estrangula e atormenta con revelacións,
a luz penétrate coma o gume brillante dos coitelos.

Os lazos familiares estréitanse
dentro da calor das sabas empapadas de suor
a visión dos avós nos barracóns,
sen roupa e amontoados no medo,
deixa o espazo suficiente para caer e perderse.

Rejzla pasa a ser mamá Rosa e todo se volve livián.
Dentro dela, mesmo antes de que ti naceras
a asma xa era parte da memoria familiar
a palabra asfixia circundando o voso camiño
unha xoia máis que herdas dos teus antepasados.

Ser a eterna nena que leva as mans cargadas de morte.

Lorena Souto